

CRITERIOS DE SELECCIÓN GALEGA CESAR 2025

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIONES AUTONÓMICAS DE RAID 2025

CESAR XUVENIL | CESAR ABSOLUTO | CESAR VETERANOS

1 e 2 de novembro | Comarca de la Vera (Cáceres)

O principal obxectivo de establecer uns criterios de selección, é regular o procedemento para a formación do grupo de persoas deportistas que representarán a Galicia no próximo Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Raid 2025. (CESAR 2025) que se disputará na provincia de Cáceres na fin de semana do 1 e 2 de novembro de 2025.

Serán EQUIPOS OFICIAIS da FEGADO **todos** aqueles que cumpran o establecido pola Normativa Vixente do CESAR e que valide a FEGADO a través da Dirección Técnica fronte á organización.

A presentación destes criterios, débese á necesidade de **xustificar que persoas e/ou equipos, do total de EQUIPOS OFICIAIS QUE REPRESENTAN A GALICIA, son os máis competitivos de cara a loitar polo Campionato de España de Seleccións Autonómicas**. Os criterios serán válidos de cara ao presente CESAR 2025 e serán prorrogados automaticamente, salvo publicación duns novos criterios, establecendo un precedente a seguir nas próximas edicións, que en principio teñen unha periodicidade bianual.

As persoas integrantes dos equipos máis competitivos accederán ao respaldo da FEGADO na forma de axuda económica á inscrición, viaxe e manutención e equipación, en función da situación orzamentaria.

Para establecer as persoas integrantes dos EQUIPOS OFICIAIS da FEGADO máis competitivos, teranse en conta os resultados das seguintes probas ou rankings:

- Último CESAR disputado
- Último CER disputado
- Mellor posto nunha proba ARWS (nos últimos 365 días anteriores ao CESAR)
- Último ranking LER rematado
- Último ranking Liga Galega de Raid rematado
- Último campionato autonómico disputado
- Decisión técnica

Teranse en conta as posicións acadadas en cada unha destas probas aínda que a participación fora con equipos diferentes, e darase prioridade ás persoas deportistas que participaran en máis dunha proba.

Os presentes criterios han de servir para elaborar unha preselección previa (aberta) que debe ser publicada con anterioridade ao peche de inscricións. Tamén para determinar, segundo decisión consensuada pola Vogalía de Raid e a Dirección Técnica, que dous (2) equipos, do total de equipos que representan a Galicia en cada categoría, son os máis competitivos.

- **Máximo de dous (2) equipos FEGADO máis competitivos na categoría CESAR absoluta** (20 horas) | Mixto | > 18 anos | 4 deportistas sempre en carreira.
- **Máximo de dous (2) equipos FEGADO máis competitivos na categoría CESAR veteranos/as** (13 horas) | Mixto | > 45 anos | 4 deportistas sempre en carreira.
- **Máximo de dous (2) equipos FEGADO máis competitivos na categoría CESAR xuvenil** (10 horas) | 30 % das seccións mixtas | cumpren 15 a 18 anos na tempada | mín. 2 e máx. 3 | 2 deportistas sempre en carreira.